

Cronolóxica

1978- 1979: Comeza o Ensino do BUP. Hai 15 profesores en Ortigueira e outros 5 que imparten clase en Cariño. O alumnado de BUP de Cariño depende administrativamente de Ortigueira. Esta situación manteráse ata o curso 87-88. O Director é Enrique Tello. No mes de outubro comezan as clases de Bacharelato. O edificio está en construción. O primeiro ano impártense as clases nos locais nos que hoxe está a Escola de Música. O primeiro ano houbo en Ortigueira tan so 100 alumnos, a maior parte de primeiro e segundo curso. Os demais eran rapaces que comezaran o Bacharelato noutros centros e remataron 3º e COU en Ortigueira.

1979-1980: Hai 22 profesores e 14 en Cariño. Estréase o Edificio Novo. Xa temos 230 alumnos. A partires deste ano a matrícula ronda sempre os 300 alumnos, situación que variará no curso 99-00 pola Reforma Educativa coa incorporación ó IES dos cursos 1º e 2º de ESO, antigos 7º e 8º de EXB.

1980-1981: Hai 21 profesores e 10 en Cariño. O novo Director é Juan Fernández.

1981-1982: Hai 27 profesores e 14 en Cariño.

1982-1983: Hai 22 profesores e 12 en Cariño.

1983-1984: Hai 22 profesores e 13 en Cariño.

1984-1985: Hai 22 profesores e 15 en Cariño. Mércanse os primeiros ordenadores para o Instituto (1 Amstrad, 1 Phillips e 1 ZX Spectrum). Ata ese intre a Informática era practicamente descoñecida en Ortigueira. Novo Director: Juan Manuel Vilar

1985-1986: Hai 23 profesores e 15 en Cariño. Novo Director:Manuel Fuentes. O Consello de Dirección pasa a chamarse Consello Escolar.

1986-1987: Hai 21 profesores e 12 en Cariño. Novo Director: Alberto Rodríguez. Este Curso hai en España unha larga folga de estudantes. Os rapaces pasan en Ortigueira máis de un mes sin ir ás clases.

1987-1988: Hai 22 profesores. Nova Directora: Rosario Corral Barca. O Instituto de Bacharelato de Cariño adquire entidade propia. Renóvase o piso do ximnasio, alicátanse pasillos e vestíbulos, repárase o sistema eléctrico, e renóvase o pintado exterior.

1988-1989: Hai 23 profesores.

1989-1990: Hai 25 profesores.Novo Director: Julio Barreira Ventosinos

1990-1991: Hai 24 profesores.Novo Director: Francisco Fouce

1991-1992: Hai 27 profesores.Novo Director: Antonio Abalde

1992-1993: Hai 27 profesores. Implántase un novo horario con 2 recreos de 20 minutos, e dúas tardes semanais de clases.

1993-1994: Hai 28 profesores.Novo Director: J. Telmo Solloso

1994-1995: Hai 28 profesores.NovaDirectora: Mª Xosé Fernández

1995-1996: Hai 28 profesores.

1996-1997: Hai 26 profesores. O Consello Escolar aproba e a Xunta de Galicia cede unha parcela dos terreos do Instituto para a Asociación de Disminuídos Psíquicos do Ortegal Aspromor, tralas xestións do seu Presidente. Este é un feito moi importante para a Comarca de Ortigueira para favorecer a integración social deste colectivo. Permite hoxe que algún alumno do instituto con necesidades educativas especiais participe de escolarización mixta neste centro. Por outra banda, os talleres da asociación e as condicións da cesión permitirán que Ortigueira acade anos despois un Ciclo Medio de Formación Profesional da familia de Madeira e Moble, un gran avance que deberá ser protexido por todos.

1997-1998: Hai 27 profesores. Novo Director: Albino Pernas. Existe grande preocupación polas novidades que virán coa Reforma Educativa

1998-1999: Hai 30 profesores. Comeza a impartirse no IES 3º e 4º de Eso.Comeza a impartirse o CS Animación de AF e Deportivas. Aparece a Orientación Educativa no

Instituto. Comezan en xullo do 99 as obras de ampliación, que se rematan co curso seguinte xa comenzado.

1999-2000: É un ano moi intenso e de adaptación a moitas novidades. Hai agora 48 profesores. Incorporáanse ó IES os alumnos de 1º e 2º de Eso, cos seus correspondentes profesores. Comeza o Ensino Secundario para Adultos. O Transporte Escolar Gratuito e o Servicio de comedor deben ser organizados. Estréase a ampliación do Edificio coas aulas Técnicas de Informática, Tecnoloxía, Plástica, Debuxo e Música. Transfórmase a “Casa do Conserxe” en Departamento de Orientación con Servicio de Pedagogía Terapéutica.

2000-2001: Hai 48 profesores. Comeza a impartirse o PGS “Axudante de Servicios de restaurante e Bar”

2001-2002: Hai 49 profesores. Comeza a impartirse o CM “Conducción de Actividades Físicas no Medio natural”

2002-2003: Hai 50 profesores. Comeza a impartirse o Ciclo Medio “Fabricación a Medida e instalación en Carpintería e Moble”

2003-2004: Hai 50 profesores. Por primeira vez alumnos do IES participan en intercambios con outros países da UE. A Aula de Idiomas é unha realidade e os alumnos poden realizar en Ortigueira o primeiro curso da Escola de Idiomas. Celebrarásse en xuño o 25 Aniversario do Instituto. Proponse no Claustro a elaboración desta REVISTA

CONTINUARA...